



Compostela
Cultura

Emocións naturais

Natureza, vida e amor

**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

25 Aniversario

TEMPORADA DE ABONO
2020 → 2021

VENRES 5
MARZO 2021

Auditorio de Galicia, 20.00 h

Ciclo de piano Ángel Brage

JAVIER PERIANES, piano
Amor e morte

PROGRAMA

LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770 - 1827)

Sonata para piano núm. 12 en la bemol maior Op. 26

Andante con Variazioni

Scherzo: Allegro molto

Marcia fúnebre sulla morte d'un Eroe

Allegro

FRÉDÉRIC CHOPIN (1810 - 1849)

Sonata núm. 2 en si bemol menor, Op. 35 "Marcha fúnebre"

Grave- Doppio movimento

Scherzo

Marcha fúnebre. Lento

Finale. Presto

ENRIQUE GRANADOS (1867 - 1916)

Goyescas. Selección

Los Requebros

El Amor y la Muerte

FRANZ LISZT (1811 - 1886)

Harmonías poéticas e relixiosas. *Funerais*

Duración aproximada do concerto: 1 hora . Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconnecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

JAVIER PERIANES

PIANO

A carreira internacional de Javier Perianes levouno a actuar nas salas de concertos máis prestixiosas do mundo e coas principais orquestras, colaborando con directores como Daniel Barenboim, Charles Dutoit, Zubin Mehta, Gustavo Dudamel, Klaus Mäkelä, Sakari Oramo, Yuri Temirkanov, Gianandrea Noseda, Gustavo Gimeno, Santtu-Matias Rouvali, Simone Young, Juanjo Mena, Vladimir Jurowski, David Afkham, François-Xavier Roth ou Daniel Harding, e actuando en festivais como a BBC Proms, Lucerna, La Roque d'Anthéron, Grafenegg, Primavera de Praga, Ravello, Stresa, San Sebastián, Santander, Granada, Vail, Blossom e Ravinia. Javier Perianes é Premio Nacional de Música 2012 e Artista do Ano 2019 dos International Classical Music Awards (ICMA).

A tempada 2020/21 inclúe debuts coa Orquestra sinfónica de Londres (xunto á que tamén realizará unha xira por España), Tonhalle Zürich, Orquestra da Academia Nacional de Santa Cecilia, Orquestra Aurora, A Filharmónica de Nederlands e Orquestra sinfónica NHK, así como o seu regreso coa Konzerthausorchester Berlin, Orquestra sinfónica de

Cincinnati, Orquestra Nacional de Lille, Orquestra Sinfónica de Aalborg e a Orquestra Nacional de España.

Perianes ofrece habitualmente recitais por todo o mundo e tamén é un activo intérprete de música de cámara, colaborando regularmente coa violista Tabea Zimmermann e o Cuarteto Quiroga. Esta tempada realizará unha xira de recitais por Europa, Oriente Medio, Estados Unidos, Canadá e Sudamérica, co programa *O amor e a morte*, que inclúe obras de Chopin, Granados, Liszt e Beethoven.

De anteriores tempadas destacan actuacións xunto á Filharmónica de Viena, Orquestra de Leipzig, Orquestra do Concertgebou, Orquestra de Cleveland, Filharmónica Checa sinfónicas de Chicago, Boston e San Francisco, filarmónicas de Oslo, Londres, Nova York e Los Ángeles, Orquestra sinfónica de Montréal, Orquestra de Paris, Orquestra sinfónica da radio de Berlin, Orquestra Nacional Danesa e de Washington, Orquestras da radio sueca e noruega, Orquestra Philharmonia e Sinfónica Yomiuri Nippon.

Artista exclusivo do selo Harmonia Mundi, Perianes conta cunha extensa discografía que abarca desde Beethoven, Mendelssohn, Schubert, Grieg, Chopin, Debussy, Ravel e Bartók ata Blasco de Nebra, Mompou, Falla, Granados e Turina. Os seus lanzamentos discográficos da tempada pasada inclúen o *Concerto en Sol* de Ravel, coa Orquestra de Paris e Josep Pons, xunto ao *Tombeau* de Couperin e a *Alborada do Gracioso*; e *Cantilena*, un álbum coa violista Tabea Zimmermann que inclúe unha selección de obras españolas e latinoamericanas. Noutros dos seus álbums máis recentes, Perianes rende homenaxe a Claude Debussy no centenario do seu falecemento co rexistro do seu primeiro libro de *Preludios*, ás *Estampas* e *Les Trois Sonates - The Late Works*, galardoado co Premio Gramophone de Música de Cámara 2019. Esta tempada Perianes volve ao estudo de gravación cun proxecto dedicado ás *Sonatas núm. 2 e 3* de Chopin.

En 1801 Beethoven inicia un novo camiño vital e musical tal e como indica nunha carta: “Non estou satisfeito co que compuxen ata o de agora. De agora en diante quero emprender un novo camiño”. Influido polo momento bélico que estaba a vivir e deslumbrado pola mitoloxía romántica dos heroes, xorden pezas como *As criaturas de Prometeo* e un par de marchas fúnebres, unha delas a *Marcia funebre sulla morte d'un Eroe*, que constitúe unha das primeiras manifestacións desa etapa e fala claramente do romanticismo, anticipando o heroe da *Terceira Sinfonía*. Dedicada ao seu protector, o príncipe Karl von Lichnowsky, a *Sonata núm. 12* é unha das pezas máis singulares dese período e consta de catro movementos escritos na mesma tonalidade –La bemol–, que se interpretan sen interrupción, sendo o terceiro deles a citada *Marcha fúnebre*, circunstancia que comparte coa *Sonata Fúnebre* de Chopin. Hai neses catro movementos unha intención de liberarse o antes posible de rixideces formais, de patróns do que xa empeza a considerarse vello clasicismo, para dar paso a un alento romántico e iniciar o camiño do que falaba. Esta

nova liña compositiva, levouno a que ningún dos movementos estivese en forma *allegro de sonata* (aquela que colle un tema, o desenvolve e o recapitula) malia que a obra é unha sonata. Ademais, era infrecuente abrir unha sonata cun *Andante* e esta partitura comeza cun *Andante con variazioni* cuxo tema, unha marcha grave, acolledora e cerimonial, evoca nos primeiros compases da melodía, a *Rheinlegendchen* (A lenda do Rin) de *Des Knaben Wunderhorn* de Mahler, compases aos que seguen cinco delicadas variacións, mostra da habilidade de Beethoven no xénero pianístico. Como segundo movemento aparece un *Scherzo: Allegro molto*, algo que non sería estraño si o terceiro non fose tamén lento, a famosa *Marcha fúnebre* que foi popular entre os románticos (posiblemente hoxe fai recoñecible unha peza non demasiado popular) e que conseguiu converter a sonata na única de Beethoven que Chopin tocou en público. O propio compositor escribiu un arranxo para vento e metais que foi interpretado no seu funeral. O *Allegro* final é como un vivo torrente que rapidamente desaparece nun inesperado final.

Como se mencionou anteriormente, a *Marcha fúnebre* que transcorre no terceiro movemento pode asociarse, sen esforzo á, beethoveniana *Sonata fúnebre* e pode axudar a procurar as influencias na música do propio Chopin. A contribución deste compositor fundamentalmente, pianístico, ao piano romántico, é profusa e diversa, pero ante todo: esencial. Xa o crítico François-Joseph Fétis escribía “...Iso non quere dicir que Chopin estea dotado da forza de Beethoven [...] ou que se encontre na súa música a vitalidade de concepción que é tan notable nese gran home. Beethoven compuxo música para o piano, pero aquí estou falando de música para pianistas, e neste ámbito vexo, nas inspiracións de Chopin, indicios dun cambio de forma que pode exercer no futuro unha influencia considerable nesta rama da arte.” A *Sonata núm. 2* xira tamén arredor da súa célebre *Marcha fúnebre* considerada unha das mellores pezas románticas do xénero pola súa beleza e a importancia dos outros tres movementos. Composta entre 1837 e 1839 (tras a viaxe a Mallorca) e publicada no ano seguinte, esta *Segunda Sonata* foi o primeiro intento en abordar outro modelo, visible no primeiro movemento

cun discurso inqueda, angurioso e que rompe coa estrutura da sonata clásica. Aínda así, resultan innegables as analoxías coa *Sonata núm. 12* de Beethoven como a colocación dun final alegre despois da súa *Marcha fúnebre* (tamén o terceiro movemento), aínda que Chopin escribe un cuarto movemento pouco usual, *pianísimo*, apresurado, curto e carente de sentimentalismo, famoso pola ausencia de estrutura e pola súa expresión pouco tanxible, de xeito que simula o caos, a nada. A proposta de Chopin de facer consecutivos ambos movementos resulta conmovedora e orixinal. Pero sen esquecer o valioso *Scherzo* que inclúe unha sección central que é unha xoia chopiniana cuxa coroa está repleta de tesouros de valor incalculable.

Enrique Granados tamén foi un compositor de piano moi prolífico e, precisamente, entre o mellor do seu catálogo están moitas de súas composicións pianísticas, esas nas que o compositor usa algunhas estruturas annónicas peculiares e formais, xeralmente, dispersas e sen cohesión, ambas procedentes da propia personalidade do compositor. Ademais, Granados foi un magnífico instrumentista cunha técnica natural e brillante que deu a coñecer tocando as súas propias pezas pero tamén

as de Chopin e Schumann. Esas interpretacións eran eloxiadas pola crítica internacional pola beleza do seu ton, o seu ritmo sutil, a súa técnica prodixiosa e o atractivo uso que facía do pedal. A influencia de Chopin foi menor que a exercida por Schumann pero é notoria na elección dalgúns dos seus títulos: *Mazurka*, *Berceuse*, *Impromptu*, etc e máis sutilmente no uso tan evocador da indicación *Andante spianato*, algo pouco habitual noutros compositores. Segundo Collet, nas súas composicións, Granados e Chopin compartiron a mesma «gracia apaixonada..., a elasticidade motriz, [e] a variedade afectiva». Con frecuencia Granados foi descrito como “o Chopin español” quizais tendo en conta que ambos procuraron a súa inspiración na alma dos seus respectivos países. E así, xorde unha suite para piano inspirada na sociedade madrileña do século XVIII que Goya retratou nos seus cadros, imbuído da súa atmosfera, a xente e os detalles da vida no contexto do Madrid daquela época e que titulou *Goyescas*, *Los majos enamorados*, unha colección de seis pezas publicadas en dos cuadernos (1912-1914): *Los requiebros*, *Coloquio en la reja*, *El fandango de candil*, *Quejas o la maja y el ruiseñor*, *El amor y la muerte* e *Epilogo*; *Serenata del espectro*. A

colección -dada a magnífica técnica pianística de Granados que lle permitía compoñer para piano con gran mestría e facilidade- representa un gran reto para os intérpretes, as súas complexas pasaxes, a súa traballada ornamentación e a súa densa textura requiren un altísimo grado de virtuosismo como pianista. *Los requiebros* basease no capricho titulado *Tal para cual* e o quinto número da colección toma o seu nome do Capricho núm. 10, *El amor y la muerte*, unha das pezas con maior relación coa pintura de Goya e posiblemente a mellor de Goyescas. Ninguén mellor que o propio compositor para falar da súa obra como fixo nas notas ao programa que escribiu para a súa interpretación na Academia Granados o 30 de maio de 1915 “... *Tres grandes sentimientos aparecen nesta obra: a dor intensa, o amor estrañado e a traxedia final -a morte-. Esta balada da principio co tema que foi de amor e que agora aparece con toda forza no rexistro grave do piano. Ao caer mortalmente ferido o amante, desenvólvese unha escena de dor, representada polo mesmo tema que noutro momento da obra foi amoroso e que agora, con algunha pequena variación, dea unha impresión da amargura sentida pola Maja dolorosa. Chega*

máis tarde a reunirse a estes temas, outro, o de La maja y el ruiseñor, xa como parte melódica, xa como formando o baixo, combinándose co tema de Los requiebros que serve de ornamentación. Forma o final da primeira fase desta balada un dos temas de El fandango de candil pero esta vez en oitava alta e dentro dun ambiente poético que ven ser como un recordo de felicidade pasada. O período medio desta obra o compoñen como idea fundamental os temas de La maja y el ruiseñor e de Los requiebros, unidos e algo modificados na súa esencia, melódica, de modo que reverta a situación, de dramática, en docemente, apraciblemente dolorosa...”

Franz Liszt foi unha das figuras musicais máis sobresaínte do século XIX pola súa actividade extraordinaria e pola súa salientable xenerosidade -sempre combatibo en pro da arte, ben coa súa palabra, ben cos seus escritos incluso coas súas accións-, merecendo así, o recoñecemento e o aprezo dos seus contemporáneos. En Viena recibiu clases do pianista austriaco Carl Czerny e do italiano Antonio Salieri e máis tarde, Ferdinando Paer e Anton Reicha ensináronlle composición en París, onde regresou despois dalgunhas viaxes artísticas exitosas e puido

asistir aos concertos do violinista Paganini que resultaron o estímulo necesario para perfeccionar a súa técnica pianística e lle permitiu crear obras de extraordinario virtuosismo outogándolle ao piano unha cor e sonoridades completamente novas. Á influencia exercida por Paganini hai que engadir a de Chopin a quen admiraba como compositor e con quen estableceu unha gran amizade; no caso de Paganini, tomou a espectacularidade e de Chopin, a poesía, o estilo e a delicadeza, dando a versión dun espléndido Liszt en todos os sentidos. A súa batalla existencial fixo que o compositor húngaro sempre se debatera no terreo relixioso, probablemente polo carácter devoto da súa nai e precoces lecturas, e foi a música a vía expresiva deses fondos sentimentos. Esta faceta espiritual e relixiosa está reflectida nunha colección de pezas para piano so (xestadas durante case vinte anos) titulada *Harmonías poéticas e relixiosas* reunidas baixo ese nome en honor á obra do mesmo título do poeta francés Alphonse de Lamartine, a quen están adicadas. A pesar dese fío conductor, a heteroxeneidade e variedade das composicións é innegable e unha das incluídas na colección, *Funerais* (1849) chega tras dous acontecementos que afectaron fondamente ao compositor: a morte

de Chopin e a execución, polos austríacos, de trece xenerais da revolución húngara na cidade de Arad. Unha pasaxe de *Funerais* aseméllase a unha parte da *Polonesa Op. 53* de Chopin que o propio Liszt recoñecía así: “esta parte é basicamente unha imitación da famosa *Polonesa* de Chopin, pero aquí fíxeno un pouco diferente”, ademais o primeiro título foi *Marcha fúnebre*, como o famoso tercer movemento de la *Sonata Op. 35* do compositor polaco. *Funerais* caracterízase pola súa natureza escura, emotiva e descritiva e ofrece grandes contrastes no seu desenvolvemento. A súa introdución grave é disonante e dramática, leva a un clímax que se desvaece e a dous temas, un repetitivo e outro lacrimoso que ao rematar continúa coa parte semellante á *Polonesa* chopiniana que ascende ao punto máis tenso da obra e regresa para deixar un sorpresivo final.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 11 de marzo, 20.30 h

MOZARTIANA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

W. A. Mozart, *Abertura de As vodas de Fígaro*

A. Piazzolla / J. Adams, *La Mufa*

W. A. Mozart, *Sinfonía núm. 32 en Sol maior, KV 318*

A. Piazzolla, *Oblivion*

W. A. Mozart, *Chaconne, Passacaille e Pas Seul de Idomeneo*

P. I. Chaikovski, *Suite núm. 4 en Sol maior, op. 61, TH 34 "Mozartiana"*

Xoves 18 de marzo, 20.30 h

RHAPSODY IN BLUE

Ciclo de piano Ángel Brage

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Wayne Marshall, director e piano

G. Gershwin,

Fantasia Porgy and Bess (orq. I. Farrigton)

Un americano en París (orq. I. Farrigton)

Rhapsody in Blue (orq. F. Grofé)

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura

